

# BlueJ

## BlueJ

BlueJ é un contorno de desenvolvemento Java deseñado especificamente para a ensinanza a un nivel introdutorio. Foi deseñado e implementado polo equipo BlueJ na Deakin University, Melbourne, Australia, e a University of Kent, en Canterbury, UK.

Na seguinte ligazón web [BlueJ](#) atopará máis información sobre este IDE. De especial importancia a sección [Documentation](#) onde poderá atopar o seguinte [Tutorial en Español](#).

## Instalación

1. Prerrequisitos:
  - ◆ Ter instalado Java: a versión **JDK 6** ou a versión **JDK 5**.  
**NOTA:** Os usuarios de Windows Vista necesitarán usar a versión JDK 6 ([ler isto para máis detalles](#)).
  - ◆ Para máis detalles sobre requisitos do Sistema Operativo, como memoria e procesador, ir [aquí](#).
2. Descargar BlueJ na seguinte ligazón <http://www.bluej.org/download/download.html>

## Cambio de Idioma a Español

Por defecto BlueJ traballa coa interface en Inglés, así que para que a interface apareza no idioma Español debemos proceder do seguinte xeito:

1. No proceso de instalación escollimos para o programa unha ruta de instalación, co cal dirixímonos a esa ruta de instalación.
2. Dentro da ruta de instalación editamos o arquivo **bluej.defs** que se atopa dentro do cartafol **lib**.
3. Nese arquivo comentamos, pondo un **#**, diante da liña **bluej.language=english**
4. Descomentamos, eliminando un **#**, diante da liña **bluej.language=spanish**
5. Reiniciamos ou arrancam os BlueJ.
6. Agora a interface xa aparece en Español.

--ricardofc 16 set 2009